

# II SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

## “OS GUERRILLEIROS NA VIA LACTEA GALAICO-BERCIANA”



*Melide, 3, 4 e 5 de xuño de 2011*



*Os guerrilleiros en Peñas de Ferradillo (León), Abril 1942*

Melide, 3, 4 e 5 de xuño de 2011

### Xustificación

A convocatoria do Seminario pretende suxerirles aos asistentes unha reflexión sobre o fenómeno da guerrilla que posibilite un mellor coñecemento do noso pasado máis recente. Tal pretensión arela provocar tamén que a actualización dos coñecementos sobre os guerrilleiros contribúa, no alumnado indirectamente beneficiario da reflexión, á comprensión do presente e á adopción dunha actitude responsable e solidaria na defensa da liberdade, sen perder nunca a consciencia de cales son os dereitos e as obrigacións de cadaquén.

### Obxectivos da actividade

1. Identificar, analizar e explicar, situándoos no tempo e no espazo, os feitos, personaxes, problemas, etapas e procesos máis significativos dos movementos guerrilleiros entre Galicia e o Bierzo.
2. Distinguir e valorar os trazos permanentes dos procesos de transformación e cambio nos diferentes períodos, analizándoos desde a realidade dos nosos días.
3. Situar este proceso histórico no contexto do Estado.
4. Estudar e analizar diferentes aspectos básicos da evolución histórica de Galicia.
5. Contribuír ao desenvolvemento dunha sensibilidade comprometida, responsable e activa coa democracia e os dereitos humanos.
6. Contribuír á consolidación de actitudes e hábitos de tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos do Estado.

## PROGRAMA

**VENRES, 3 DE XUÑO**

**Tarde. Instalacións do IES Melide.**

### Sesión 1

HORA	CONTIDO
16.30 h. 17.00 h.	<b>RECEPCIÓN E ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN</b>
17.00 h. 17.30 h.	<b>INAUGURACIÓN DO SEMINARIO</b> - Coordinador oficial do Seminario - Presidenta de Nova Escola Galega - Directora do IES Melide - Alcaldesa de Melide
17.30 h. 18.45 h.	<b>PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL "La Guerrilla en la Memoria",</b> de Javier Corcuera
18:45 h. 19:00 h.	<b>Descanso café</b>
19:00 h. 20:30h.	<b>CONFERENCIA INAUGURAL E COLOQUIO</b> "Guerrilleiros contra Franco" <b>Francisco Martínez-López "Quico"</b> , guerrilleiro. <b>Xaquín Yebra-Pimentel</b> , profesor do IES de Melide.
22.00 h.	<b>CEA COLECTIVA</b> <i>Exposición de fotografías sobre a guerrilla</i>

Melide, 3, 4 e 5 de xuño de 2011

**SÁBADO, 4 DE XUÑO**

**Mañá. LUGO e O BIERZO.**

**Sesión 2**

---

9.00 h.	Saída para Lugo e O Bierzo.
11.30 h.	<u>Traballo de campo.</u> <i>O desmantelamento da resistencia antifranquista en Lugo. O caso de Enriqueta Otero, a mestra guerrilleira.</i> <b>Francisco Martínez-López "Quico"</b> , guerrilleiro. <b>Xaquín Yebra-Pimentel</b> , profesor do IES de Melide.
11.30 h.	Almorzo
12.00 h.	
12.00 h.	<u>Traballo de campo.</u> <i>Percorrido polos espazos vitais dos guerrilleiros galego-bercianos (Ferradillo).</i>
14.00 h.	<b>Francisco Martínez-López "Quico"</b> , guerrilleiro. <b>Xaquín Yebra-Pimentel</b> , profesor do IES de Melide.
14.00 h.	Xantar de campo.

---

**Tarde. O BIERZO.**

**Sesión 3**

---

16.00 h.	<u>Traballo de campo.</u> (cont.) <i>Percorrido polos espazos vitais dos guerrilleiros galego-bercianos (Ferradillo).</i>
18.00 h.	<b>Francisco Martínez-López "Quico"</b> , guerrilleiro. <b>Xaquín Yebra-Pimentel</b> , profesor do IES de Melide.

---

**Centro Social de Cabañas Raras.**

**Sesión 4**

---

18.30 h.	<b>PROYECCIÓN DO DOCUMENTAL " La partida de Girón",</b> de Victoria Martínez e Manuel Guerra
20.00 h.	<b>COLOQUIO: "Os guerrilleiros galego-bercianos".</b> Familiares e enlaces dalgúns dos guerrilleiros.
22.00 h.	<b>CEA COLECTIVA E NOITE EN CARRACEDELO</b>

---

**DOMINGO, 5 DE XUÑO**

**Mañá. As Medulas.**

**Sesión 5**

---

10.00 h.	<u>Traballo de campo.</u> (cont.) <i>Percorrido polos espazos vitais dos guerrilleiros galego-bercianos (As Medulas)</i>
12.00 h.	<b>Francisco Martínez-López "Quico"</b> , guerrilleiro. <b>Xaquín Yebra-Pimentel</b> , profesor do IES de Melide.
12.00 h.	Almorzo
12.30 h.	
12.30 h.	<u>Traballo de campo.</u> (cont.) <i>Percorrido polos espazos vitais dos guerrilleiros galego-bercianos (As Medulas)</i>
14.00 h.	<b>Francisco Martínez-López "Quico"</b> , guerrilleiro. <b>Xaquín Yebra-Pimentel</b> , profesor do IES de Melide.
14.00 h.	Xantar de campo
16.00 h.	

---

Melide, 3, 4 e 5 de xuño de 2011

**Tarde. As Medulas**

**Sesión 6**

---

16:00 h.	<u>Asemblea de campo:</u>
18:00 h.	<b>AVALIACIÓN DO SEMINARIO, CONCLUSIÓNS E CLAUSURA</b>

---

**VALORACIÓN EN HORAS**

20 HORAS (en trámite a homologación da actividade por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).

**DESTINATARIOS/AS**

Profesorado de Ensino Primario e Secundario en xeral.

**NÚMERO MÁXIMO DE PARTICIPANTES**

50, por rigorosa orde de inscrición.

**CUSTO DA MATRÍCULA**

(A matrícula inclúe os traslados en autobús e os xantares de campo)

Ata o 27 de maio de 2011:

Socios/as de *Nova Escola Galega*: 30 euros.

Parados/as: 40 euros (é precisa xustificación documental).

Cota ordinaria: 60 euros.

É posible solicitar axuda económica para a asistencia a esta actividade de formación.

A partir do 28 de maio de 2011:

Socios/as de *Nova Escola Galega*: 40 euros.

Parados/as: 50 euros (é precisa xustificación documental).

Cota ordinaria: 70 euros.

**FORMA DE PAGAMENTO**

Transferencia bancaria á conta de Nova Escola Galega en CAIXA GALICIA  
nº de conta: 2091 - 0300 - 45 - 3040089500

**INSCRICIÓN**

Achega da ficha de inscrición xunto co xustificante do pagamento. A ficha de inscrición pode atoparse na páxina web de Nova Escola Galega ([www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org)).

**ALOXAMENTO EN MELIDE**

Hostal <i>Sony</i>	981 505 473	24 € individual / 35 € dobre, aprox.
Hotel <i>Xaneiro II</i>	981 506 140	35 € individual / 45 € dobre / 60 € triple, aprox.
Hotel <i>Carlos 96</i>	981 507 633	35 € individual / 45 € dobre, aprox.
Parrillada <i>El Molino</i>	981 506 048	20 € dobre, aprox.
Pousada <i>Chiquitín</i>	981 815 333	35 € individual / 50 € dobre, aprox.

**ALOXAMENTO EN CARRACEDELO - CACABELOS** (con traslado en autobús entre as dúas localidades)

Casa Rural <i>Cornatelia</i> (Carracedelo)	987 562 817	28 € por persoa.
Hostal <i>Santa María</i> (Cacabelos)	987 549 588	31 € individual, 45 € dobre, 58 € triple.

**ORGANIZAN**

DEPARTAMENTO DE CCSS DO IES MELIDE  
NOVA ESCOLA GALEGA

**CONTACTOS**


Nova Escola Galega  
Tfno/Fax: 981 562 577  
[neg@mun-do-r.com](mailto:neg@mun-do-r.com)  
[www.nova.escola-galega.org](http://www.nova.escola-galega.org)

Melide, 3, 4 e 5 de xuño de 2011

## RELATORES PRINCIPAIS

### FRANCISCO MARTÍNEZ-LÓPEZ “QUICO”

---



Naceu no 1925 en Cabañas Raras. Neste lugar do Bierzo creceu no seo dunha familia campesiña, e desde os 17 anos colabora coa oposición antifranquista. Posteriormente súmase aos grupos guerrilleiros que se enfrontaron coas armas á ditadura.

Na clandestinidade armada desde 1947, foi membro da mítica guerrilla de Manuel Girón, que mantivo entre Galiza e León unha inxente actividade de combate e propaganda até o ano 1951 no que, nunha evasión chea de perigos, consegue penetrar en Francia, país onde se exilia e continúa as súas actividades antifranquistas.

### XAQUÍN YEBRA PIMENTEL

---



Na actualidade é profesor de Xeografía e Historia do IES de Melide. Naceu en Chantada e fixo os seus estudos de Bacharelato en Santiago, e Letras entre Londres e Toulouse. Tiña só 17 anos cando se viu diante do temible *Tribunal de Orden Público* do franquismo. Era o ano 1970 e militaba no Partido Comunista Internacional, unha escisión do PCE, razón dabondo para pasar unha temporada no cárcere acusado de asociación ilícita e propaganda ilegal. A el acabárono absolvendo, pero un dos seus compañeiros de detención e cadea, o vigués Humberto Baena, ía ser un dos últimos cinco fusilados do franquismo cinco anos despois. Xaquín Yebra colabora coa agrupación chantadina do Colectivo pola Recuperación da Memoria Histórica.

Melide, 3, 4 e 5 de xuño de 2011

## DOCUMENTAIS

### LA GUERRILLA DE LA MEMORIA



**Dirección:** Javier Corcuera.

**País:** España.

**Ano:** 2002.

**Duración:** 67 min.

**Xénero:** Documental.

**Interpretación:** Esperanza Martínez, Remedios Montero, Florián García, Manuel Zapico, Eduardo Pons Prades.

**Guión:** Carlos Muguero, Alberto Lorente, Javier Corcuera, Fernando León de Aranoa e David Planell.

**Producción:** Montxo Armendáriz e Puy Oria.


**Fotografía:** Jordi Abusada.

**Montaxe:** Rori Sainz de Rozas.

#### **SINOPSE**

Montxo Armendáriz produce este documental que afonda na temática que xa tocara na súa película *Silencio roto*: a historia dos maquis, aqueles combatentes que se resistiron tras a Guerra Civil Española á vitoria do bando franquista e proseguiron desde o monte a súa loita contra o fascismo.

### LA PARTIDA DE GIRÓN



**Directores:** Victoria Martínez e Manuel Guerra

**País:** España

**Ano:** 2001

**Imaxe:** Andrés Menéndez

**Son:** Aldo garcía Box

#### **SINOPSE**

Documental arredor da figura do mítico guerrilleiro Manuel Girón.

Relatos dos protagonistas da súa contorna, e dos que con el loitaron.